



## **ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2023/2024**

**NORMATIVA:** Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Pódense consultar no centro).

**POSTOS ESCOLARES:** Recóllense na táboa de vacantes recollida da proposta incluída na aplicación informática: *admisionalumnado*.

**SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:** 4 rutas de Transporte Escolar e Comedor Escolar (regulado polo decreto 132/2013, do 1 de agosto de 2013, da Consellería de Cultura, Educación e O.U.)

### **PAZOS:**

- Presentación de solicitudes de admisión: do 1 ao 20 de marzo do 2023.
- Presentación de documentación acreditativa dos criterios a baremar: do 23 de marzo ao 3 de abril do 2023.
- Publicación de listaxes provisionais de admitidos/as: até o 25 de abril do 2023. Poderase presentar reclamación perante o Consello Escolar nos 5 días hábiles posteriores á publicación da listaxe provisional de admitidos/as.
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: antes do 15 de maio do 2023. Contra esta listaxe poderase presentar recurso de alzada perante o/a titular da xefatura territorial no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- Formalización de matrícula: do 20 ao 30 de xuño do 2023.

### **NOTA INFORMATIVA:**

*Lémbrese aos solicitantes:*

1º. *Que (conforme ás instrucións da Consellería de Cultura, Educación e U.), a solicitude axustada ao modelo oficial Anexo II será única e presentarase no centro que se solicite en primeiro lugar. O feito de presentar máis dunha solicitude conlevará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.*

2º. *Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.*

3º. *Que o alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.*